

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021

Tempo de verán e falar inglés

Campamentos Summer Talk

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.



HELLO!

**Aberta a preinscrición
do 24 ao 26 de maio.**

**Máis información en
www.coruna.gal/campamentos2021**



CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021

INFORMACIÓN SUMMER TALK

A Federación Provincial de ANPAS xunto coa Concellería de Educación, organizan o campamento de inglés Summer Talk, un programa de actividades de dinamización para mellorar a expresión e comprensión oral da lingua inglesa. Estas actividades realizaranse a través de propostas lúdicas de carácter multidisciplinar, tanto en recintos a cuberto coma ao aire libre, co fin de potenciar o desenvolvemento da capacidade de escoita comprensiva e a expresión oral en lingua inglesa. Os contidos definiranse atendendo tanto aos que corresponden ao nivel educativo do alumnado como aos demandados na parte oral dos principais exames de nivel B1 e B2. Farase uso de ferramentas diferenciadas próximas aos seus intereses: música, teatro, cine, literatura, audiovisuais,...adaptados ao seu contexto diario, empregando a tales fins tanto medios materiais como dixitais.

INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19

O Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social, e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria, en relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil nas diferentes fases de desescalada e volta á normalidade, en función da evolución xeral e territorial da COVID-19.

Para este fin implementará, en todas as actividades de lecer xuvenil, estratexias e protocolos de actuación así como condicións de participación nas actividades.

A realización dos campamentos do Concello da Coruña queda supeditada á evolución da crise sanitaria provocada pola Covid-19. No caso de emitir as autoridades sanitarias competentes información contraria á súa realización, este quedaría suspendido.

1. PROTOCOLO DE ADECUACIÓN DAS ACTIVIDADES E INSTALACOES A EMPREGAR EN ACTIVIDADES DE LECER EDUCATIVO XUVENIL CON MOTIVO DA COVID-19

Co obxectivo de preservar a saúde e seguridade das persoas usuarias e traballadores/ as no ámbito da educación non formal, establecerase un protocolo de actuación con medidas xerais e específicas a situacións concretas. Este protocolo poñerase en coñecemento das familias.

2. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN CASO DE RISCO DE CONTAXIO OU DE CONTAXIO POSITIVO EN COVID-19

O campamento contemplará e avaliará o risco para cada tipo de situación que poida darse, a través dun protocolo de prevención e actuación ante COVID-19, coas consideracións para ter en conta en caso de risco de contaxio ou de contaxio positivo. Este protocolo poñerase en coñecemento das familias.

3. DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal, a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

CALENDARIO

Proceso de inscrición: 24, 25 e 26 de maio na web www.fedapascoruna.org/inscripciones

Publicación de listaxes de admitidas/os: 10 de xuño nas webs coruna.gal/campamentos2021, no 010 e www.fedapascoruna.org

* A praza conseguirase por rigorosa orde de inscrición, cos seguintes criterios de admisión:

1º Alumnado de Centros Públicos durante o curso 2020/21.

2º Alumnado de Centros Privados Concertados e Privados durante o curso 2020/21.

Inscrición: do 11 ao 15 de xuño.

PERSOAS DESTINATARIAS

Escolares matriculadas/os en 6º de primaria ou nalgún curso da ESO e empadroadas/os na Coruña

*Estarán divididas/os en dous niveis: 6º de EP e 1º da ESO e 2º, 3º e 4º da ESO

**Poderán participar menores con diversidade funcional

QUENDAS

1ª Quenda: do 05 ao 09 de xullo de 2021

3ª Quenda: do 12 ao 16 de xullo de 2021

4ª Quenda: do 19 ao 23 de xullo de 2021

5ª Quenda: do 26 ao 30 de xullo de 2021

HORARIO

De luns a venres de 09:30 a 14:00 h

*Os días festivos non haberá campamento

ESPAZO DE REALIZACIÓN

- CEIP Curros Enríquez

- CEIP Manuel Murguía

- IES Ramón Menéndez Pidal*

- Sede da Federación Provincial de ANPAS

*Pendente de confirmación

Nº PRAZAS

240

COTAS DE INSCRIPCIÓN E SERVIZOS

15,00 € por participante e quenda

*O pagamento da cota aboarase mediante transferencia na seguinte conta da Federación Provincial de ANPAS: ES37 2100 6359 5802 0006 1816

**Enviarase o comprobante de ter feita a transferencia xunto co nome da/o participante, a quenda e os servizos admitidos ó seguinte correo electrónico: summertalk@fedapascoruna.org.

+ información e inscrición en coruna.gal/campamentos2021 e www.fedapascoruna.org